

Dende **CCOO** queremos informaros de como se atopa a negociación para a renovación do Convenio Colectivo do Metal de Pontevedra. A través da seguinte **CCOO informa**, relacionámosvos as mais salientables propostas das Patronais, as nosas, e tamén os pequenos acordos acadados ata agora, que será o punto de partida para esta nova fase da negociación.

Unha negociación, que como xa anunciáramos en xullo, terá que ir, necesariamente acompañada de mobilizacións. O pasado día 24 as tres organizacións sindicais comezamos este proceso cunha concentración de delegados en Vigo, diante de Asime. Dende **CCOO** apostaremos porque as mobilizacións e protestas se manteñan xa de forma continuada ata acadar un acordo. Así mesmo tentaremos garantir o maior nivel de información o conxunto dos traballadores do metal de toda a provincia, do acontecer da negociación e do calendario de protestas que imos consensuando.

PROPOSTAS PATRONAL

Capítulo II Contratación e Emprego.

- Art. 8 Baixar do 50 ao 35% a plantilla mínima indefinida.
Contrato de formación por actual Estatuto do traballador.
- Art. 10 Eliminar limitación ao uso de ETTs.
- Art. 11 Eliminar o Plus de Eventualidade.
- Art. 13 Eliminar a regulación para despido por causas obxectivas.

Capítulo V Xornada.

- Art. 27 Incluír bolsa de horas plurianual.
- Art. 29 Eliminar referencias a necesidade de pacto ou acordo no calendario laboral e horario de traballo.

Capítulo VI Licencias, excedencias e xubilación.

- Art. 34 Eliminar garantía de reincorporación na excedencia voluntaria.

Capítulo VIII Salarios

- Art. 44 Incremento 0,25% para 2015 e 0,25% para 2016.
- Art. 50 Rebaixar a media dieta de 14,90€ a 13,45€.
- Art. 55 100% en baixas con hospitalización, só nos días que se este ingresado/a.

Disposicións adicionais.

- Eliminar a Adicional Quinta, Regulación Contratación Sector Naval.

PROPOSTAS CCOO

Capítulo IV Mobilidade funcional y xeográfica.

- Art. 26 Preaviso de 5 días nos desprazamentos.
Engadir un plus diario polos días que o desprazamento obrigue non durmir na casa, Plus de Pernocta.

Capítulo V Xornada

- Art. 28 Reducir a xornada anual en 8 horas.

Capítulo VI Licencias, excedencias e xubilación.

- Art. 31 Incluír novas figuras do Estatuto do traballador.
Engadir dereito a acumulación da lactación.
Regular posibilidade de dispor da licenza por enfermidade grave de familiares, como unha redución de xornada.

Capítulo VIII salarios

- Art. 44 Incremento do 4% entre os anos 2015 e 2016.
- Art. 45 Revisión no ano 2017 si se produce desviación entre IPC 2015- 2016 e o incremento pactado.

Capítulo X Seguro Colectivo

- Art. 62 Incluír cobertura as incapacidades derivadas de enfermidade profesional.

Engadir:

- Regulación en Formación Dual

ACORDOS

- Art. 1 Engadir relación dos CNAES no ámbito de aplicación.
- Art. 2 Vixencia de dous anos 2015-2016.
- Art. 32 Dereito a Redución xornada por Garda legal pasar de 8 a 12 anos de idade dos fillos.



CONVENIO DO METAL
SOLUCION

28 de setembro de 2015